

## RESUMO DA SESIÓN DO CONSELLO DE GOBERNO DO DÍA 23 DE XULLO DE 2008

Ás 10.00 horas, en segunda convocatoria, na sala do Consello de Goberno da Reitoría, A Maestranza, comeza a sesión ordinaria do Consello de Goberno que preside o Reitor Magnífico D. José María Barja Pérez, de acordo coa orde do día que figura no **anexo I**.

### **1. Informe do Reitor**

O Sr. Reitor comeza a súa intervención dándolles conta aos membros do Consello de Goberno dos temas tratados na reunión do Consejo de Universidades do día 15 de xullo pasado, concretamente da intervención da Sra. Ministra de Ciencia e Innovación, quen se centrou en temas relativos ao modelo de financiamento universitario, á necesidade de iniciar a rexeneración do concepto de campus universitario como instrumento modernizador do sistema universitario, sempre a través do programa «campus de excelencia internacional», e por último, á valorización e transferencia do coñecemento coa creación de tres comisións de traballo. O Sr. Reitor remata a súa intervención informando tamén da última sesión do Consello Social da Universidade da Coruña, realizada o día 16 de xullo, en que, entre outras cousas, se informou o proxecto do decreto polo que se fixan os prezos correspondentes aos estudos conducentes á obtención de títulos oficiais no ensino universitario para o curso académico 2008/2009, remitíndose para tales efectos ao acordo adoptado polo Claustro na súa sesión do día 17 de abril de 2008, que consta como **anexo II**.

O Sr. Reitor dálle a palabra á Sra. Vicerreitora de Investigación, quen informa das diversas convocatorias da Xunta de Galicia, segundo a información dispoñible ao día de hoxe. Así dálles conta aos membros do Consello de Goberno: 1) da publicación no Diario Oficial de Galicia do 11 de xullo da convocatoria de axudas para a consolidación e a estruturación de unidades de investigación competitivas do sistema galego de I+ D+ I do ano 2008 (nova adxudicación e renovación) da Consellería de Innovación e Industria; 2) da publicación no Diario Oficial de Galicia do 22 de xullo da convocatoria de bolsas de nova adxudicación e prórrogas para a realización de estudos oficiais de posgrao nas universidades do sistema universitario de Galicia conducentes ao título de máster; 3) da próxima publicación (probablemente a vindeira

semana) da convocatoria de bolsas de terceiro ciclo. Na súa intervención, a Sra. Vicerreitora igualmente dá conta de que a Dirección Xeral de Promoción de Promoción Científica e Tecnolóxica do Sistema Universitario da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria ten previsto publicar a Convocatoria 2009 do programa de Consolidación e Estruturación de unidades de investigación competitivas do Sistema Universitario de Galicia na segunda quincena do mes de Agosto (previsiblemente o día 18), mantendo aberta a mesma ata aproximadamente o día 17 de setembro. Para tales efectos, e na procura de facilitar aos investigadores interesados a súa programación e preparación das propostas, envíarase un borrador desta convocatoria a todo o persoal docente e investigador e unha copia dos formularios a cumprimentar nas distintas modalidades de participación. Durante o mes de agosto publicaranse as distintas convocatorias de recursos humanos do plan galego de I+D+I (Parga Pondal, María Barbeito e Anxeles Alvariño, entre outras). Ademais, o 27 de xuño publicouse no Diario Oficial de Galicia a Orde pola que se crea o catálogo de grupos de investigación pertencentes ao sistema público de I+D+I de Galicia. Aínda que nesta norma acéptanse, baixo certas condicións, as inscricións nas universidades, estanse creando disfuncións que deberán emendarse no futuro para non obrigar aos investigadores a unha dobre adscrición, aparte doutras problemáticas que están a xurdir. A Sra. Vicerreitora de Investigación remata a súa intervención expresando o malestar da Universidade da Coruña polos prazos de todas estas convocatorias, que xa foi comunicado no seu momento ás institucións responsables.

O Sr. Reitor dálle a palabra á Sra. Vicerreitora de Organización Académica e Titulacións. Comeza a súa intervención sinalando que no vindeiro curso 2008/2009 a Universidade da Coruña non ofertará o título propio de Aviación Comercial debido a falta de alumnos, razón pola que non se cumpre o regulamento destes estudos, en que se senta o principio do autofinanciamento. Remata a súa intervención informando da incorporación á oferta xeral de libre elección das materias optativas da ETS de Náutica e Máquinas, que no seu día non se trouxeron a este Consello de Goberno debido a un erro no envío por parte do centro.

O Sr. Reitor dálle a palabra ao Sr. Vicerreitor de Profesorado. Dado que a grande maioría dos centros están a elaborar os seus planos de estudo das titulacións de grao, o Sr. Vicerreitor dálles conta aos membros do Consello de Goberno do envío que se vai facer da información e recomendacións sobre o

cómputo da carga docente do profesorado nos novos estudos de grao para facilitarlles a elaboración da documentación solicitada no programa VERIFICA, sempre tendo en conta que se trata dunha información sobre o que as tres universidades do Sistema Universitario Galego teñen acordado a respecto do modelo de actividades e de cómputo de horas do profesorado. Tales información e recomendacións están baseadas no Decreto de profesorado actualmente en vigor, pendente da adaptación por parte do Ministerio.

O Sr. Reitor dálle a palabra ao Sr. Vicerreitor de Ferrol e Relación Universidade-Empresa, quen informa das convocatorias dos Premios de Investigación González Llanos e Concepción Arenal, publicadas no Boletín Oficial do Estado do 16 de xuño e no Diario Oficial de Galicia do 30 de xuño. Trátase de premios convocados polo Concello de Ferrol e a Universidade da Coruña co fin de apoiar e impulsar os labores de investigación realizados no ámbito universitario e empresarial nas áreas de enxeñaría naval e humanidades. Cada un está dotado con 12.000 euros e o prazo de presentación de solicitudes remata o 15 de setembro. O Sr. Vicerreitor tamén dá conta da constitución o luns 21 de xullo, en Ferrol, da Asociación Costa Noroeste, dirixida a promover o desenvolvemento socioeconómico das zonas rurais das comarcas de Ferrolterra e Ortegal. Esta asociación é herdeira das organizacións Costa Ártabra e a Fundación Comarcal Ortegal que funcionaban con idénticos fins, aínda que por separado. Está integrada por case 90 entidades sociais, culturais, empresariais e sindicais e polos concellos de Ares, Cariño, Cedeira, Cerdido, Fene, Ferrol, Mañón, Mugarodos, Narón, Neda, Ortigueira e Valdoviño e ademais de pola Deputación de A Coruña e a Universidade da Coruña, que xa formaba parte da Asociación Costa Ártabra. Acordouse elixir presidente da Asociación ao Alcalde de Ferrol e constituir seis mesas de traballo: dinamización sociocomunitaria, agroforestal, empresarial e de emprego, turismo, benestar social e Institucional, na que están os 12 Concellos, a Deputación e a Universidade da Coruña. Remata a súa intervención, dándolles conta aos membros do Consello de Goberno da presentación polo Sr. Reitor o pasado 17 de xullo, en rolda de prensa, da I Feira Europea do Emprego organizada conxuntamente pola UDC e a Deputación de A Coruña, que se celebrará os días 6 e 7 de novembro no Campus de Elviña. O principal obxectivo é promover o encontro directo entre a Universidade, as Empresas e as Institucións relacionadas co emprego, permitindo que estas presenten os seus programas de emprego e prácticas entre os universitarios e difundir información acerca do mercado laboral no Espazo Europeo de Libre Circulación de Traballadores. Cóntase co patrocinio

da Consellería de Traballo, da Consellería de Economía e Facenda a través do IGAPE e da Vicepresidencia de Igualdade e Benestar a través da Secretaría Xeral de Igualdade. A información desta feira, así como o programa provisional pódese atopar no enderezo *www.feriaemprego.org*.

Despois de rematar a súa intervención, o Sr. Reitor dálle a palabra ao Sr. Vicerreitor de Estratexia e Planificación Económica, quen informa das validacións de expedientes que foron executadas desde a última sesión do Consello de Goberno, de acordo coa Comisión de Asuntos Económicos. Esta comisión, delegada do Consello de Goberno, validou na súa sesión do día 22 de xullo expedientes de gasto (incluídos no expediente C-13) por importe de 202.013, 83 euros.

O Sr. Reitor dálle a palabra ao Sr. Secretario Xeral, quen informa do nomeamento do Sr. Vicerreitor de Ferrol e Relación Universidade-Empresa como representante permanente da Universidade da Coruña no Grupo de Desenvolvemento Rural Asociación Costa do Noroeste.

## **2. Aprobación, se proceder, da acta da sesión ordinaria do 30 de xuño de 2008**

Apróbase por asentimento a acta da sesión ordinaria do 30 de xuño de 2008, que estivo a disposición dos membros do Consello de Goberno na Secretaría dos seus respectivos centros e na Secretaría Xeral da Universidade.

## **3. Contratos e convenios**

Para os efectos de cumprir o que establece o artigo 27.2 dos Estatutos da Universidade da Coruña, o Sr. Secretario Xeral infórmaos dos 49 convenios que figuran no **anexo III**, que se clasifican nesta ocasión en convenios marco (11) e convenios para prácticas (38) e que cumpriron todos os trámites preceptivos previos que se requiren para a súa aprobación polo Consello de Goberno nesta sesión.

Logo dunha quenda de intervencións en que participa o Sr. Casabella López, os convenios en cuestión, que figuran no mencionado anexo, son aprobados por asentimento.

#### **4. Regulamento do Comité de Ética da Universidade da Coruña**

O Sr. Reitor dálle a palabra á Sra. Vicerreitora de Investigación, quen explica a proposta de regulamento elaborada polo propio Comité de Ética da Universidade da Coruña, a quen a Sra. Vicerreitora quere agradecer expresamente o seu traballo. Antes de proceder á quenda aberta de intervencións, a Sra. Vicerreitora propón unha serie de cambios no texto presentado, que traen causa dun informe da Asesoría Xurídica da nosa Universidade, en que se recomendan certas modificacións, especialmente no seu artigo 3.1, sendo aceptadas estas últimas polos membros do Consello de Goberno.

Ábrese unha quenda de intervencións, en que participa o Sr. Delgado Martín, quen considera moi interesante e importante a materia obxecto deste punto da orde do día. A respecto da composición deste comité, considera oportuno que estean representados tamén membros doutros ámbitos de coñecemento, que é algo no que tamén incide o Sr. González López, e que se especifiquen os criterios esixidos para ser membro. Remata a súa intervención, propoñendo un código de conduta ou de boas prácticas na investigación na Universidade da Coruña, pois deste xeito se complementarían o labor deste comité. En resposta, a Sra. Vicerreitora de Investigación agrádecelle a súa intervención e indícalle, a respecto da composición deste comité, que os membros doutros ámbitos de coñecemento tamén formarían parte deste comité cando sexan requeridos polo comité para elaborar informes sobre materias obxecto da súa especialidade. Tamén lle indica, a respecto dos criterios para ser membro, que aínda que a capacidade, a competencia e a integridade dos membros do comité deben ser presumidos, hai un procedemento de elección no seo da Comisión de Investigación, en que tales criterios deben estar presentes. Rematan a quenda de intervencións, o Sr. Tasset Carmona, quen defende a composición recollida na proposta, incidindo na idea de que non é excluín-te porque se fala de «preferentemente», que é algo sobre o que tamén repara o Sr. Recuero Astray, e o Sr. Secretario Xeral, quen considera que o labor do Comité de Ética da Universidade da Coruña acabará derivando lóxicamente na elaboración dunha proposta de código de conduta ou de boas prácticas na investigación, que deberá ser aprobado polo órgano competente da Universidade da Coruña.

Coa abstención do Sr. González López, quen non considera acertada a composición do comité, apróbbase por asentimento o regulamento do Comité

de Ética que figura no **anexo IV**, logo de incorporar as modificacións aceptadas.

### **5. Programa de promoción dos contratados Isidro Parga Pondal**

O Sr. Reitor dálle a palabra á Sra. Vicerreitora de Investigación, quen dálles conta aos membros do Consello de Goberno do programa de promoción dos contratados Isidro Parga Pondal. Logo de explicar o contido deste programa, a Sra. Vicerreitora de Investigación sinala que a convocatoria do Programa Isidro Parga Pondal do 2008 establece como condición para que as universidades se beneficien destas axudas que fomenten a contratación de persoal investigador que unha vez seleccionado quede vinculado á universidade no que levou cabo o seu labor investigador. Trátase dunha premisa establecida a priori, de xeito que permite á Universidade da Coruña planificar o seu cadro de profesorado con incorporación de investigadores Parga Pondal cando remate o programa. Mais, dado que nas convocatorias anteriores non existía este requisito, a Universidade da Coruña non puido planificar a posible incorporación destes investigadores ao cadro de profesorado, polo que resulta preciso facelo agora para evitar disfuncións e agravios comparativos. Logo de advertir unha gralla no texto da proposta e propoñer a súa subsanación, remata a súa intervención a Sra. Vicerreitora de Investigación indicando que o programa aquí proposto supón unha convocatoria anual dun número mínimo de 2 prazas de contratado doutor ou titular de universidade por rama de coñecemento.

Ábrese unha quenda de intervencións, en que participan o Sr. Delgado Martín, quen se interesa polo número de investigadores Parga Pondal da Universidade da Coruña e polas persoas que poden presentarse unha vez creadas as prazas de promoción, e o Sr. Cao Abad, quen propón algúns cambios na redacción do texto da proposta, que non son aceptados.

Apróbase por asentimento o programa de promoción dos contratados Isidro Parga Pondal, que figura no **anexo V**, logo de terense corrixidas as grallas advertidas no seu texto.

## **6. Títulos propios de posgrao**

O Sr. Reitor dálle a palabra a Sra. Vicerreitora de Organización Académica e Titulacións, quen dálles conta aos membros do Consello de Goberno das propostas de renovación e nova implantación de títulos propios de posgrao. Á listaxe enviada aos membros do Consello de Goberno se incorporan as follas resumo de dous cursos que non se enviaron coa documentación desta sesión do Consello de Goberno por causa de que a comisión en cuestión informou aos responsables dos cursos que tiñan que subsanar varios erros e remitir logo o expediente, que foi algo que fixeron mais cando xa estaba enviada a documentación do consello de goberno.

Logo dunha quenda de intervencións, en que participa o Sr. Casteleiro Maldonado, quen se interesa pola denominación oficial dos títulos propios, apróbase por asentimento a relación de propostas de títulos propios de posgrao que figura no **anexo VI**.

## **7. Modificación programa docentia**

O Sr. Reitor dálle a palabra a Sra. Vicerreitora de Calidade e Novas Tecnoloxías, quen infórmalles aos membros do Consello de Goberno da proposta de modificación do programa Docentia, que figura no **anexo VII**. A Sra. Vicerreitora explica que o programa Docentia, aprobado na sesión do Consello de Goberno do día 18 de decembro de 2007, foi máis tarde obxecto de exame pola Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG), quen fai unha valoración global de «positivo con condicións», porque se valora dun xeito moi positivo o documento en cuestión, mais se formulan unha recomendación, que non é necesario seguir, e dúas condicións, que son de obrigado cumprimento e, en definitiva, as que dán lugar a esta proposta de reforma do programa en cuestión.

Ábrese unha quenda de intervencións en que participan o Sr. Casteleiro Maldonado, quen considera que a proposta de modificación implica un cambio substancial na filosofía inicial deste programa na medida en que, entre outras cuestións, se contemplan castigos económicos para os centros e os departamentos, como se aprecia na lectura do 6.3.2 («procedemento para o seguimento das accións derivadas da avaliación docente»), que non se poden tolerar. Tamén intervén a Sra. López Fernández, quen tamén considera que hai un cambio a respecto do modelo inicial, aparte de poñer de relieve que cada vez máis recae maior responsabilidade sobre os centros, como se aprecia na

lectura do punto 6.3.1 («procedemento para a toma de decisións derivadas da avaliación docente»), polo que talvez debería atribuírse neste asuntos maior protagonismo ao Centro Universitario de Formación e Innovación Educativa (CUFIE). Igualmente participa o Sr. Vicerreitor Estratexia e Planificación Económica, quen considera oportuno indicar que no apartado 6.3.2 pode haber unha gralla porque semella, en todo caso, tratarse de «asignacións orzamentarias extraordinarias». En resposta, a Sra. Vicerreitora de Calidade e Novas Tecnoloxías considera moi positivas as intervencións do Sr. Casteleiro Maldonado e da Sra. López Fernández e propón cambios tanto no apartado 6.3.1, para incorporar ao CUFIE neste labor, como no apartado 6.3.2, para substituír «asignacións orzamentarias» por «programas específicos que a UDC outorgue relacionadas coa docencia», que son aceptadas polos membros do Consello de Goberno.

Logo destes cambios, apróbase por asentimento dos membros do Consello de Goberno a proposta de modificación do programa Docencia, que figura no **anexo VIII**.

## **8. Prazas de profesorado**

O Sr. Reitor dálle a palabra ao Sr. Vicerreitor de Profesorado, quen informa da relación de prazas de profesorado que figura no **anexo IX**, en que se conteñen prazas estruturais e prazas coxunturais e que traen causa da convocatoria ordinaria de prazas do Plano de Organización Docente (POD) 2008-2009 que non foron aprobadas inicialmente na anterior sesión do Consello de Goberno do día 30 de xuño ou que se solicitaron posteriormente. Trátase dunha relación de prazas que conta co informe favorable da Comisión de Organización Académica e Profesorado (COAP) e na que se inclúen as prazas de profesor interino de substitución do Departamento de Galego-Portugués, Francés e Lingüística e de contratado interino de substitución P3 do Departamento de Psicoloxía, retiradas na anterior sesión do Consello de Goberno. Remata este apartado do punto da orde do día manifestando o pouco éxito que tiveron nalgúns Departamentos a opción pola convocatoria de prazas estruturais no lugar de prazas coxunturais.

Ábrese unha quenda de intervencións en que participan o Sr. Casabella López, quen pon de manifesto as dificultades existentes en ocasións para a convocatoria de prazas estruturais. O Sr. Delgado Martín tamén participa e se interesa polo número total de profesores contratados interinos de substitución,



ao que responde o Sr. Vicerreitor de Profesorado que se informará desta figura e do seu número en seguintes sesións do Consello de Goberno, puntualizando que se trata de contratacións realizadas para situacións que así o necesitan realmente, na medida en que debe incentivarse a contratación estrutural e non a coxuntural, que é algo que se está a facer por medio de diferentes programas específicos de promoción. Remata a quenda de intervencións o Sr. Casteleiro Maldonado, quen considera que a falta de interese de prazas estruturais pode deberse, en ocasións, á presenza de doutores que aínda están á espera da correspondente acreditación para poder presentarse ás convocatorias deste tipo de prazas.

Apróbase a relación de prazas de profesorado que figura no **anexo X**.

Segue co uso da palabra o Sr. Vicerreitor de Profesorado, quen dálles conta aos membros do Consello de Goberno da convocatoria de prazas de mestrados oficiais para o primeiro cuadrimestre do curso académico que vai comezar. A relación de prazas que figura no **anexo XI** apróbase por asentimento dos membros do Consello de Goberno.

Igualmente, o Sr. Vicerreitor de Profesorado dá conta da convocatoria de prazas por aplicación das disposicións transitorias dos Estatutos da Universidade da Coruña, que figuran no **anexo XII**. A relación de prazas en cuestión apróbase por asentimento dos membros do Consello de Goberno.

Segue co uso da palabra o Sr. Vicerreitor de Profesorado para informárlles aos membros do Consello de Goberno dos cambios de dedicación solicitados que figuran no **anexo XIII**, que resultan aprobados por asentimento dos membros do Consello de Goberno.

Remata este punto da orde do día o Sr. Vicerreitor de Profesorado dándolles conta aos membros do Consello de Goberno da proposta de tribunal para xulgar o concurso dunha praza de corpo docente universitario para o Departamento de Matemáticas. A proposta, que figura no **anexo XIV**, apróbase por asentimento dos membros do Consello de Goberno.

## **9. Aprobación de solicitudes do programa de promoción de profesores titulares de escola universitaria e colaboradores**

O Sr. Reitor dálle a palabra ao Sr. Vicerreitor de Profesorado, quen informa da relación de solicitudes formalizadas ao abeiro do programa de promoción de profesores titulares de escola universitaria e colaboradores.. O Sr. Vicerreitor de Profesorado remata a súa intervención dando conta das prazas de substitución que deben convocarse por causa da redución provocada por aplicación da normativa reguladora deste programa de promoción, sempre sobre a base de que a promoción implica redución docente e esta última pode conlevar contratación para cubrir a redución.

Apróbase por asentimento a relación de solicitudes do programa de promoción de profesores titulares de escola universitaria e colaboradores e a relación de prazas por aplicación deste programa que figuran no citado **anexo XV**

## **10. Licenzas**

Logo da intervención do Sr. Vicerreitor de Profesorado, en que dá conta das solicitudes presentadas para os efectos de concesión de licenzas (dúas de ano sabático e unha licenza sen retribución), que figuran no **anexo XVI** e que foron informadas favorablemente pola Comisión de Organización Académica e Profesorado (COAP), toma a palabra o Sr. Recuerdo Astray interesándose polo prazo de formalización destas solicitudes, ao que lle responde o Sr. Vicerreitor indicándolle que se teñen formulado correctamente en tempo e forma, pois se trata de peticións ás que aínda non se aplica a normativa reforma en materia de licenzas e permisos.

Apróbase por asentimento a relación de licenzas que figuran no citado anexo.

## **11. Venias docendi**

Logo da intervención do Sr. Vicerreitor de Profesorado, en que dá conta da solicitude presentada para os efectos de concesión de venia docendi, que figura no **anexo XVII**, os membros do Consello de Goberno aproban por asentimento a solicitude de licenza en cuestión.

## **12. Liquidación orzamentos 2007**

O Sr. Reitor dálle a palabra ao Sr. Xerente, quen dálles conta aos membros do Consello de Goberno da proposta de liquidación dos orzamentos 2007, que figura no enderezo <http://www.udc.es/reitoria/ga/vicerreitorias/vepe/memoriasecon.asp>. O Sr. Xerente comeza a súa intervención sinalando que, a nivel cualitativo, a valoración xeral é boa, sendo unha liquidación moi similar á do exercicio económico anterior. Neste sentido, trátase dunha liquidación equilibrada, conforme ao previsto na Lei de Estabilidade Orzamentaria, continuando a ser positivo por segundo ano consecutivo o remanente non afectado. A liquidación é consecuencia do orzamento de 2007, que foi un orzamento realista, elaborado e executado con rigor e respectando o principio de máxima prudencia, pois isto permite unha política de pago áxil entre outras cousas.

A nivel cuantitativo, pola banda de ingresos, recoñecéronse dereitos netos por importe de 134 millóns de euros, que semella ser a cifra máis alta na historia da Universidade da Coruña. A recadación líquida ascende a 119 millóns de euros, dos que, a día 31 de decembro de 2007, estaban pendentes de cobro 15 millóns de euros, estando cobrados xa no presente 8 millóns de euros máis. Na banda de gastos, recoñecéronse obrigas por valor de 116 millóns de euros, que tamén semella ser a cifra máis alta na historia da Universidade da Coruña, realizándose pagos por valor de 114 millóns de euros, polo que estaban pendentes de pago 2 millóns de euros a día 31 de decembro de 2007. Trátase de cantidades pendentes de pago que traen causa de documentación contable pendente de fiscalizar, consecuencia da grande entrada de documentación no Servizo de Intervención nos últimos días. A respecto das modificacións orzamentarias, incorporáronse de 2006 a 2007 13,4 millóns de euros, a maior parte no capítulo VI (10,7 millóns de euros). Igualmente, xeneráronse créditos por valor de 24 millóns de euros, dos que 19,6 millóns corresponden ao Capítulo VI. Logo de indicar que os dereitos recoñecidos netos se fixeron atendendo ao principio de máxima prudencia, o Sr. Xerente remata a súa intervención sinalando que se trata dunha liquidación realizada baixo o principio de máxima prudencia, boa e equilibrada e que reflexa unha imaxe fiel.

Apróbase por asentimento a liquidación dos orzamentos do ano 2007, sen se rexistrar ningunha intervención na quenda aberta para tales efectos.

### **13. Quenda aberta de intervencións.**

Neste punto da orde do día non se rexistran intervencións.

Sen máis asuntos que tratar remata a sesión ás 13.00 h.